

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 26/09/2019**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO
-D. MIGUEL ÁNGEL GARCÍA MIGUÉNS
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26/09/2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 3 de setembro de 2019.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos nos meses de xullo e agosto de 2019.
3. Toma de coñecemento da representación do Grupo Político Municipal do BNG en determinados órganos colexiados (nomeamento de suplentes).
4. Toma de coñecemento da relación de investimentos, gastos correntes e actividades solicitadas ao Plan de obras e Servizos da Deputación Provincial (Plan Concellos 2018-2019-Anualidade 2019), así como da reinversión de baixa do Plan Concellos 2017.
5. Aprobación, se procede, da determinación das festas de carácter local para o ano 2020.
6. Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello e do seu organismo autónomo (FPSDM), correspondente ao exercicio 2018.
7. Exclusión, se procede, da empresa proposta para o contrato de servizos denominado “Servizo de axuda no fogar” e posterior adxudicación a favor da segunda empresa clasificada.
8. Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas para a adxudicación do contrato de servizos, suxeito a regulación harmonizada, denominado “Servizo de limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa”.
9. Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle para Ordenación de volumes en parcelas de solo industrial na Avda. As Carolinas.
10. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila de apoio á campaña emerxencia feminista, promovida polas organizacións de mulleres.
12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG sobre prevención e loita contra a violencia machista.
13. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila, sobre a declaración de emerxencia climática.
14. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG relativa á emerxencia climática e a mobilización do 27 de setembro polo clima.
15. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila, sobre o impulso da mobilidade a pé e a incorporación de Vilagarcía de Arousa á “Rede de cidades que camiñan”.
16. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE sobre modificación horario do transporte escolar do CEIP de Rubiáns.

17. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP sobre melloras na pista multiusos da Tomada – Carril.
18. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP sobre melloras no Parque do Cavadelo.
19. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos sobre creación dun circuíto de Pumptrack no barrio de A Florida.
20. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos sobre estudo para a mellora do transporte público urbano.
21. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
22. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
23. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
24. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 3 DE SETEMBRO DE 2019.-

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 3 de setembro de 2019.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2019: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XULLO DE 2019:

Nº	DESCRICIÓN
35	Aceptación comunicación previa e documentación adxunta para realización de obras
1	Declaración de ineficacia de comunicación previa para instalación de rótulo
1	Concesión de cambio de titularidade de comunicación previa para realización de obras
19	Concesión de licenza de primeira ocupación e/ou acometida e conexión de auga e saneamento
2	Concesión de legalización de obras
2	Concesión de legalización de rótulos
6	Concesión de licenza de obras de canalización.
26	Desestimación de recurso interposto contra expediente sancionador de tráfico
4	Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
1	Designación responsable do Departamento de Informática.
2	Designación de Interventora accidental ou en funcións
2	Designación de Secretaria Xeral accidental ou en funcións
4	Concesión de gratificación especial por substitución e traballo de categoría superior

5	Nomeamento de funcionario/a interino/a
1	Recoñecemento e aboamento en nomina de servizos en xornada nocturna
1	Recoñecemento e aboamento en nomina de servizos en domingo
1	Dedución proporcional de haberes a empregados/as do Obradoiro de Emprego por ausencias non xustificadas
1	Contestacion escrito en relación RPT/Anexo de Postos de Traballo do Concello.
1	Orde chamamento Bolsa de Traballo de Operario de Emerxencias para posto de Socorrista 2019
1	Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao Plan de Pensións do mes de xuño
3	Orde representación e defensa dos intereses do Concello exercida por letrado en procedemento xudicial.
3	Reiterar resolución orde presentación de informe – ditame de seguridade de edificio.
2	Orde concesión prazo para realización de obras.
1	Reiterar resolución inmediata suspensión de obras
1	Reiterar resolución solicitude titulo habilitante
2	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
9	Autorización para realización de espectáculo pirotécnico
5	Autorización para celebración de bailes e verbenas populares ao aire libre
2	Recoñecemento de obriga e orde de pago
3	Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
3	Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
2	Orde cambio de titularidade no catastro inmobiliario de fincas
2	Aprobación de liquidacións correspondentes a cargos xerados no mes de maio e xuño
16	Orde de pago de facturas
2	Concesión/denegación de fraccionamento de débeda
1	Liquidar a herdeiro débeda tributaria pendente de pago
1	Rectificación de erros e modificación de cesión e segregación de parcela.
1	Delegación Presidencia Comisións Informativas
1	Nomeamento persoal eventual Director Actividades Deportivas
1	Aprobación de Plan de Seguridade e Saúde obras
1	Concesión licenza para segregación parcela
TOTAL: 178	

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE AGOSTO DE 2019:

Nº	DESCRICIÓN
1	Concesión de licenza de legalización de rotulo
4	Concesión de licenza de legalización de obras
12	Concesión de licenza de obra menor
12	concesión de licenza de obra maior
2	concesión de licenza para cambio de titularidade de obras
1	Conformidade proxecto de execución para construción de vivenda
7	Concesión de licenza de obra para canalización
1	Aceptación renuncia a expediente de comunicación previa obras
2	Declaración ineficacia comunicación previa obras
64	Aceptación de comunicación previa e documentación adxunta para realización de obras
1	Desestimación de recurso de reposición contra resolución denegación de legalización de

obras

- 1 Aceptación comunicación previa para apertura de establecimiento
- 1 Corrección de erro resolución recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en xornada nocturna
- 1 Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao Plan de Pensións do mes de xullo
- 2 Designación como Tesourería en funcións ou accidental
- 2 Designación como Secretaria Xeral en funcións ou accidental
- 1 Designación como responsable do Departamento de Informática
- 1 Nomeamento de Comisión de Selección Programa “Teu primeiro emprego”
- 1 Delegación na 1ª Tenente de Alcalde a totalidade das funcións da Alcaldía
- 1 Recoñecemento e aboamento en nomina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Recoñecemento e aboamento en nomina de gratificación por festivos
- 3 Concesión de gratificación especial por substitución temporal de postos de traballo de nivel superior
- 1 Recoñecemento e aboamento en nomina de servizos en domingo
- 1 Corrección de erro resolución gratificación especial por prestación de servizos en posto de superior categoría
- 16 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 1 Recoñecemento de obriga
- 6 Aprobación de expediente de modificación de créditos por transferencia de créditos
- 8 Aprobación de expediente de modificación de créditos de natureza non tributaria
- 1 Corrección de erro expediente de xeración de crédito
- 3 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 12 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Concesión de renovación de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Autorización para celebración da 16 edición do Festival de Revenidas 2019
- 1 Concesión permiso para instalación de atraccións na vía pública durante as Festas de San Roque 2019
- 11 Orde de pago de facturas
- 2 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 1 Orde presentación informe-ditame de seguridade de elementos exteriores de inmovible
- 1 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística

TOTAL. 189

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA REPRESENTACIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG EN DETERMINADOS ÓRGANOS COLEXIADOS (NOMEAMENTO DE SUPLENTES). Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da presentación polo Grupo Municipal do BNG de escrito solicitando a inclusión dun/dunha suplente nos seguintes órganos:

CONSELLO LOCAL DA MULLER:

Titular: LUCIA CESAR VELOSO

Suplente: MARIA EULALIA GONZALEZ MARTÍNEZ

FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS:

Titular: LUCIA CESAR VELOSO

Suplente: ADRIÁN ALCALDE GONZÁLEZ

CONSELLO LOCAL DA 3ª IDADE

Titular: LUCIA CESAR VELOSO

suplente: XOSÉ LOIS LEIRÓS GUDE

A Comisión queda sabedora.

Dáse conta da presentación polo Grupo Municipal de Marea da Vila de escrito comunicando o nomeamento de Dona Verónica Hermida Longa como suplente no Consello Local da Muller

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS, GASTOS CORRENTES E ACTIVIDADES SOLICITADAS AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PLAN CONCELLOS 2018-2019-ANUALIDADE 2019), ASÍ COMO DA REINVERSIÓN DE BAIXA DO PLAN CONCELLOS 2017. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor: Dáse conta da relación de investimentos solicitados ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 (Anualidade 2019) e Reinversión de baixa Plan Concellos 2017.

Denominación	Liña	Importe Total investimento	Subvención solicitada Deputación Provincial	á Achega Municipal	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención
“Regulación semafórica paso peóns Avda. Riveiro de Aguilar entrada Paseo Marítimo”	1	23.809,91 €	23.809,91 €	0,00 €	XGL 26/12/2018
“Ampliación da Rede de Saneamento en Pedramogueira”	1	151.830,03 €	151.830,03 €	0,00 €	XGL 17/12/2018
“Substitución de material de cobertura no Pavillón de Faxilde”	1	51.154,52 €	51.154,52 €	0,00 €	XGL 15/10/2018
“Subministro dun sistema de cámaras con lector de matrículas para control de infraccións de tráfico”	1	30.855,00 €	30.855,00 €	0,00 €	XGL 18/03/2019
“Reparación con substitución de material de cobertura e dotación de portais en edificio de Emerxencias”	1	57.045,07 €	57.045,07 €	0,00 €	XGL 05/11/2018
“Sinalización semafórica	1	61.024,72 €	61.024,72 €	0,00 €	XGL 26/12/2018

intersección Doutor Tourón, Fariña Ferreno e Alejandro Cerecedo”					
“Reparación da Terraza do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa”	1	268.670,36 €	268.670,36 €	0,00 €	XGL 26/12/2018
“Humanización e Mellora de accesibilidade na urbanización O Piñeirño”	1	205.971,94 €	205.971,94 €	0,00 €	XGL 18/03/2019
“Plan de asfaltados Camiños Rurais 2019 – 2ª Fase”	1	145.294,02 €	143.663,33 €	1.630,69 €	XGL 18/03/2019 modificada por acordo XGL 13/05/2019
“Ensanche de vial, muro de contención e demolición de vivenda”	1 Reversión de Baixa(Plan Concello 2017)	137.174,02 €	137.174,02 €	0,00 €	XGL 26/11/2018
"Mellora Mobiliario Urbano no Rural"	1 (Plan Concellos 2017)	79.490,22 €	79.490,22 €	0,00 €	XGL 27/03/2017
"Mellora de Accesibilidade Rúa Os Duráns	1 (Cambio finalidade) (Plan Concellos 2017)	48.397,39 €	48.397,39 €	0,00 €	XGL 30/07/2018

Denominación do investimento	Liña	Orzamento	Subvención concedida
“Gastos de limpeza, aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio profesional de Música”	2	19.000,00 €	18.181,00 €
“Combate Naval 2019”	2	41.198,08 €	32.000,00 €
“Proxecto de prevención do ciberacoso e o bó uso das TIC’S-Teatro Foro”	2	5.674,90 €	3.000,00 €
“Educación en valores-cinensino”	2	6.649,50 €	4.000,00 €
“Gastos derivados da celebración do II Festival Internacional de Música CLASCLAS”	2	31.000,00 €	30.654,58 €
“Formación vial para la inserción Sociolaboral”	2	10.500,00 €	9.000,00 €
“Gasto corrente novo:limpeza Escola Municipal de Música”	2	10.000,00 €	9.500,00 €
“Proxecto Activate”	2	10.080,00 €	6.000,00 €
“Campamentos Medioambientais 2019”	2	4.500,00 €	4.500,00 €
“Programa de sensibilización, Promoción e Formación para a Igualdade e a Recuperación persoal dende a perspectiva de xénero”	2	12.000,00 €	10.500,00 €
“Gasto corrente novo: A limpeza das instalacións deportivas municipais”	2	12.000,00 €	6.000,00 €
“3 aux. admvos., 1 monitor deportivo, 11 axudantes albaneis, 3 peóns forestais, 2 pintores-empapeladores, 6 instaladores electricistas, 1 carpinteiro, 1 fontaneiro, 1 soldador para arco eléctrico, 4 traballadores de conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos, 1 sepultureiro-enterrador, 1 axudante mantedor de instalacións deportivas e 1 conductor de retroescavadora a xornada completa durante 9 meses	3	425.344,32 €	326.442,29 €

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DETERMINACIÓN DAS FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2020. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta de escrito remitido pola Xefatura Territorial de Pontevedra Sede Vigo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que indica que antes do 15 de outubro de 2019 se debe remitir á citada Xefatura Territorial a proposta de festas locais para o ano 2020 aprobada polo Pleno do Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de todas as persoas representantes dos grupos políticos municipais presentes na Comisión informase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2020, para os días 22 de maio (Santa Rita) e 17 de agosto (día festivo posterior á celebración de San Roque).

En consecuencia infórmase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2019 para os días 22 de maio (Santa Rita) e 17 de agosto (día festivo posterior á celebración de San Roque).

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Propoñer como festas locais para o ano 2020 os días 22 de maio (Santa Rita) e 17 de agosto (día festivo posterior á celebración de San Roque).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO (FPSDM), CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018.

A conta xeral do exercicio 2018, formada pola Intervención, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, en adiante ICAL. Regras 44 a 51.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

O contido da conta xeral, regulado no artigo 209 do TRLRFL con carácter xeral, e detallado nas regras 44 a 51 da ICAL, que integra o expediente, constará das seguintes partes:

A) CONCELLO

1. O BALANCE:

BALANCE	2014	2015	2016	2017	2018
ACTIVO					
ACTIVO NON CRRTE.	89.008.567,61	92.338.951,14	93.987.864,17	96.290.673,51	98.787.837,99
ACTIVO CORRENTE	10.181.752,69	8.209.536,60	11.374.481,45	9.794.331,46	10.286.425,61
DEBEDORES C/P	5.029.964,81	5.536.166,75	5.641.176,14	4.819.362,23	4.975.626,73
DISPONIBLE	4.744.425,67	2.596.595,27	5.658.232,56	4.862.578,45	5.171.396,18
TOTAL ACTIVO	99.190.320,30	100.548.487,74	105.362.345,62	106.085.004,97	109.074.263,60
PASIVO					
CAPITAIS PERMANENTES	88.158.106,65	92.968.622,55	98.096.220,06	99.731.770,64	102.869.716,03
FONDOS PROPIOS OU PATRIMONIO NETO	77.294.283,31	81.733.304,69	89.174.339,01	94.057.560,56	98.639.199,43
Pasivo non crtte.	10.863.823,34	11.235.317,86	8.921.881,05	5.674.210,08	4.230.516,60
Pasivo corrente	11.032.213,65	7.579.865,19	7.266.125,56	6.353.234,33	6.204.547,57
TOTAL PASIVO	99.190.320,30	100.548.487,74	105.362.345,62	106.085.004,97	109.074.263,60
FONDO MANIOBRA	-850.460,96	629.671,41	4.108.355,89	3.441.097,13	4.081.878,04
FM/D	-17,93%	24,25%	72,61%	70,77%	78,93%

• CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL:

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un Beneficio total por importe de 4.629.380,29 EUROS.

• O ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

O patrimonio neto do Concello experimentou un incremento por patrimonio xenerado por importe de 4.572.719,97 €, co seguinte detalle:

	I. Patrimonio	II. Patrimonio Xerado	III. Axustes por cambios de valor	IV. Subvencións recibidas	Total
A) Patrimonio neto ao final do exercicio 2017	42.601.500,82	51.059.962,18	0,00	396.097,56	94.057.560,56
b) Axustes por cambios de criterios contables e corrección de erros	0,00	2.871,41	0,00	0,00	2.871,41
C) Patrimonio neto inicial axustado do exercicio 2018 (A+B)	42.601.500,82	51.062.833,59	0,00	396.097,56	94.060.431,97
D) Variacións do patrimonio neto 2018	0,00	4.572.719,97	0,00	6.047,49	4.578.767,46
1. Ingresos e gastos recoñecidos no exercicio	0,00	4.629.380,29	0,00	6.047,49	4.635.427,78
2. Operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

3. Outras variacións do Patrimonio Neto	0,00	-56.660,32	0,00	0,00	-56.660,32
E) Patrimonio Neto ao Final do Exercicio (C+D)	42.601.500,82	55.635.553,56	0,00	402.145,05	98.639.199,43

- O ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtívose unha variación positiva dos efectivos en 308.817,73€ co seguinte detalle:

Fluxos	Exercicio 2018
Fluxos netos (+/-) por actividades de xestión	4.260.926,24
Fluxos netos (+/-) por actividades de inversión	-329.930,24
Fluxos netos (+/-) por actividades de financiación	-1.733.913,79
Fluxos netos (+/-) pendentes de clasificación	111.735,52
Efecto das variacións dos tipos de cambio	0,00
Disminución neta do efectivo	308.817,73
Efectivo o inicio do exercicio	4.862.578,45
Efectivo o final do exercicio	5.171.396,18

- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

Que a súa vez componse dos seguintes documentos:

- RESULTADO ORZAMENTARIO:

O resultado orzamentario axustado que se desprende da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2018 é POSITIVO con un importe de 2.144.240,03€ co seguinte desglose:

RESULTADO ORZAMENTARIO 2018	
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	28.630.680,06
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	27.597.429,98
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	1.033.250,08
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	127.551,06
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	1.130.000,00
Total dereitos recoñecidos	29.888.231,12
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	25.763.513,92
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	23.199.057,10
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	2.564.456,82
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	127.551,06
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	2.659.671,25
Total obrigas recoñecidas	28.550.736,23
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	1.337.494,89
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	1.457.961,12
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	3.130.882,69
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	3.782.098,67
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	2.144.240,03

- REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2018 ascendeu a 2.701.743,98 €, e desagregase do seguinte xeito:

1. Fondos líquidos	5.214.085,50
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	11.594.648,61
2.a. Do orzamento corrente	2.183.301,20
2.b De orzamentos pechado	10.062.796,83
2.c De operacións non orzamentarias	15.238,53
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	666.687,95
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	3.741.043,57
3.a. Do orzamento corrente	2.510.564,83
3.b. De orzamentos pechados	71.897,23
3.c. De operacións non orzamentarias	1.177.192,59
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	18.611,08
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	13.067.690,54
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	7.162.293,21
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	3.203.653,35
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	2.701.743,98

B) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 209.2 do TRLRFL, a Conta Xeral das entidades locais, estará integrada ademais de pola conta da propia entidade pola dos seus organismos dependentes, polo que se somete a o Pleno a Conta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2018, que será sometida á aprobación do Consello Reitor na primeira sesión ordinaria que se celebre tra la súa sesión constitutiva, constitución que previsiblemente terá lugar o 17 de setembro de correntes, presentando o seguinte detalle:

I.- BALANCE.

	2014	2015	2016	2017	2018
BALANCE					
ACTIVO					
ACTIVO NON CORRENTE	746.761,97	758.201,05	783.797,27	799.764,73	833.026,00
ACTIVO CORRENTE	286.812,13	355.166,61	361.795,95	305.508,98	279.747,28
DEBEDORES C/P	262.770,77	311.327,02	303.836,20	110.351,79	37.452,88
TESOURERIA	24.041,36	43.839,59	57.959,75	195.157,19	242.294,40
TOTAL ACTIVO	1.033.574,10	1.113.367,66	1.145.593,22	1.105.273,71	1.112.773,28
PASIVO					
PATRIMONIO NETO	919.241,45	970.826,39	992.003,00	1.012.716,17	1.063.041,08
FONDOS PROPIOS	919.241,45	970.826,39	992.003,00	1.012.716,17	1.063.041,08
Pasivo non corrente	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Pasivo corrente	114.332,65	142.541,27	153.590,22	92.557,54	49.732,20
TOTAL PASIVO	1.033.574,10	1.113.367,66	1.145.593,22	1.105.273,71	1.112.773,28
FONDO MANIOBRA	172.479,48	212.625,34	208.205,73	212.951,44	230.015,08

FM/tesourería	717,43%	485,01%	359,22%	109,12%	94,93%

II.- CONTA DE RESULTADOS.

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un superávit por importe de 50.324,91 €.

III.- ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

- Cambios do patrimonio neto por importe de 50.324,91 €.
- Estado de Ingresos e Gastos recoñecidos cunha variación por importe de 50.324,91€
- Operacións patrimoniais coa entidade propietaria por importe de 993.116,04 €.

IV.- ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtívose un incremento do efectivo por importe de 47.137,21 €, sendo o efectivo ao final do exercicio de 242.294,40€.

V.- LQUIDACIÓN ORZAMENTO.

- Resultado Presupostario (dereitos – obrigas): 21.784,65 €, non procedendo axustes, sendo o Resultado Presupostario axustado de 21.784,65€.
- Remanente de Tesourería total (fondos líquidos + dereitos pendentes de cobro – obrigas pendentes de pago): 251.485,15 €, elaborado segundo determinan os artigos 103 e 104 do Real Decreto 500/90; o remanente de tesourería para gastos xerais ascende a 230.015,08 €, por considerarse saldos de dubidoso cobro por importe de 21.470,07€, que se desprenden do cálculo realizado segundo establece o artigo 193.bis do TRLRFL, engadido pola Lei 27/2013 de racionalización da Administración Local. Non existen desviacións de financiamento por non contar con financiamento afectado.

En consecuencia, vistos os Informes da Intervención municipal á Conta Xeral 2018 obrantes no expediente electrónico INT/2019/149, así como o informe da Interventora delegada da Fundación de Deportes, obrante no expediente electrónico INT/2019/150.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 22 de xullo de 2019.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como o art. 212.4 da LALG.

Tendo en conta que se cumpriron os trámites de exposición ao público mediante publicación do expediente no BOP Nº146 de data 1 de agosto de 2019, durante 15 días hábiles e oito máis, sen que se presentasen alegacións, tal e como se constata no certificado de Secretaría de data 10 de setembro de 2019.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación:

1. A aprobación da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2018.

Vilagarcía de Arousa, a 17 de setembro de 2019

O ALCALDE

Asdo./:Alberto Varela paz

Sinatura dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Conta Xeral do Concello e do seu Organismo Autónomo (FPSDM), correspondente ao exercicio 2018.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (12), sete abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e dous votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1).

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación da Conta Xeral do Concello e do seu organismo autónomo (FPSDM) correspondente ao exercicio de 2018.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- EXCLUSIÓN, SE PROCEDE, DA EMPRESA PROPOSTA PARA O CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR” E POSTERIOR ADXUDICACIÓN A FAVOR DA SEGUNDA EMPRESA CLASIFICADA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da acta da Mesa de Contratación de 18 de setembro de 2019, do seguinte teor:

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PROCEDIMENTO CT 80/2018-e “SERVIZO DE AXUDA NON FOGAR CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”.

Orzamento de licitación: 4.530.252,85 € (IVE/IVE incluído)

Orzamento de licitación (sen IVE/IVE): 4.356.012,36 €

Valor estimado: 5.662.816,07€

Procedemento de licitación: aberto suxeito a regulación harmonizada

Tramitación: ordinaria

Dáse conta do informe emitido pola xefa do departamento de contratación no que se indica o seguinte:

“ASUNTO: Documentación presentada por SAMAÍN SERVIZOS Á COMUNIDADE SA en relación coa adxudicación do contrato de servizos CT 80/2018-e, denominado “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”.

INFORME: Logo da valoración e clasificación das ofertas presentadas polas empresas na licitación de referencia, a Mesa de Contratación, con data 21/06/2019, acordou proporner a adxudicación do contrato de referencia á empresa Samaín Servizos á Comunidade, S.A. (en adiante Samaín)

Efectuado o requerimento previsto no art. 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP), a empresa Samaín presentou diversa documentación para acreditar os extremos a que se

refire a cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rixe a licitación (capacidade, solvencia, ausencia de prohibicións para contratar, así como depósito de garantía.

A cláusula 7.2 do PCAP indica que “para acreditar a solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente de esa solvencia e medios, e que a entidade á que recorra non estea incurso en prohibición de contratar.

[..]

Naqueles supostos en que sexa posible acreditar a solvencia con medios doutras entidades, a solvencia que o licitador deberá acreditar como propia non será inferior ó 50% da esixida para cada medio de acreditación indicado no Anexo II.”

Samaín presentou coa súa oferta acordo asinado coa empresa CLECE, S.A. para a integración de solvencia con medios externos. A raíz do requirimento previsto no art. 150.2 da LCSP, Samaín presenta compromiso da mercantil Clece en relación coa integración da solvencia e a disposición dos medios cos que conta Clece a favor de Samaín para executar o contrato.

Examinada a documentación presentada polo licitador Samaín, compróbase que este non reúne os requisitos de solvencia exixidos no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rixe a licitación, xa que Samaín non acredita unha solvencia económica e financeira de cómo mínimo o 50% da esixida para cada medio de acreditación indicado no Anexo II e no relativo á solvencia técnica non acredita solvencia algunha.

Polo exposto, a empresa SAMAÍN SERVICIOS Á COMUNIDADE, S.A. non reúne os requisitos de solvencia precisos para ser adxudicataria do contrato.

O que se informa á Mesa de Contratación coa a finalidade de que adopte as decisións que procedan."

Á vista da documentación presentada polo licitador Samaín Servizos á Comunidade,S.A., o indicado polo Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, o informe emitido pola xefa do departamento de contratación e o disposto para o efecto polo art. 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público, a mesa de contratación acorda:

Propoñer ao órgano de contratación a exclusión do licitador SAMAÍN SERVICIOS *Á COMUNIDADE, S.A. e que se proceda á devolución da garantía definitiva constituída polo devandito licitador.

3.- Proposta adxudicación: CT 80/2018-e - Servizo de axuda no fogar concello de Vilagarcía de Arousa

Unha vez proposta ao órgano de contratación a exclusión do licitador Samaín Servizos á Comunidade,S.A, a lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases é a seguinte:

Orde: 1 CIF: A27843192 SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A. (Proposto para exclusión)

Total criterios CJV: 17.4

Total criterios CAF: 38.1 Total puntuación: 55.5

Orde: 2 CIF: A47326475 ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. Proposto para a adxudicación Total criterios CJV: 18.2

Total criterios CAF: 35.81 Total puntuación: 54.01

Orde: 3 CIF: G83273284 FEPAS

Total criterios CJV: 14.7

Total criterios CAF: 36.21

Total puntuación: 50.91

Orde: 4 CIF: B36577542 Idades SL

Total criterios CJV: 17.4
Total criterios CAF: 33.22
Total puntuación: 50.62
Orde: 5 CIF: B85621159 SACYR SOCIAL, S.L.
Total criterios CJV: 23.9
Total criterios CAF: 23.31
Total puntuación: 47.21
Orde: 6 CIF: B60124831 Optima Facility Services, S.L.
Total criterios CJV: 12.0
Total criterios CAF: 32.86
Total puntuación: 44.86
Orde: 7 CIF: B36875938 ATENDO CALIDADE S.L
Total criterios CJV: 20.6
Total criterios CAF: 22.3
Total puntuación: 42.9
Orde: 8 CIF: A80241789 FERROVIAL SERVICIOS,S.A.
Total criterios CJV: 8.75
Total criterios CAF: 28.73
Total puntuación: 37.48
Orde: 9 CIF: B70091749 SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR S.L.
Total criterios CJV: 9.6
Total criterios CAF: 21.33
Total puntuación: 30.93
Orde: 10 CIF: A27178789 OHL SERVICIOS INGESAN S.A (Excluído)
Total criterios CJV:
Total criterios CAF:
Total puntuación: 0.0

Á vista do que antecede, a mesa de contratación, por unanimidade, e conforme ao disposto polo art. 150.1 da Lei de Contratos do Sector Público, acorda:

Unha vez proposta a exclusión do licitador Samaín Servizos á Comunidade , S.A., propoñer ao órgano de contratación, a adxudicación do contrato de servizos denominado "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA" cun orzamento de licitación de 4.530.252,85 € (IVE incluído) á seguinte empresa con maior puntuación de acordo coa orde en que quedaron clasificadas as ofertas: CIF: A47326475 ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto con mellor calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, @teniendo en cuenta o informe emitido pola Sra. Secretaria Xeral e pola Coordinadora de Servizos Sociais, sobre a valoración das propostas de mellora realizadas polas distintas empresas licitadoras, respecto ao cal se deu trámite de audiencia a todos os licitadores admitidos á licitación, sen que se presentase alegación algunha.

Oferta do licitador, ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. :

-Prezo ofertado para 4 anos (IVE excluído) 4.007.478,32 ao que corresponde un IVE 4%) de 160.299,13 € o que totaliza un importe de 4.167. 777,45 €(IVE4% incluído).

-Melloras:

Servizo de Podoloxía: número de sesións (equivalendo cada sesión a 1 hora de podoloxía): 00 sesións

Servizo de rehabilitación terapéutica: número de sesións (equivalendo cada sesión a 1 hora de rehabilitación):

00 sesións

Servizos e actividades de formación a familias e persoas cuidadoras: número de horas/ano (máximo 240 horas):

240 horas/ano

Servizos e actividades preventivas para as familias vinculadas aos tipos de atencións socio educativas: número de horas/ano (máximo 240 horas/ano):

240 horas/ano

Oferta de axudas técnicas anuais:

-Guindastres de mobilización persoal (guindastre vertical eléctrico): 10 ud; -Cadeiras de ducha e bañeira: 10 ud.; - Cadeiras de rodas: 10 ud.

Oferta dunha bolsa de horas/anuais do servizo SAF: 1200 horas/ano

Oferta de servizo de limpeza e hixiene de carácter especial e urxente en domicilios: 00 servizos

Sendo as 10:04 horas do día da data, finaliza a sesión, do que eu, como Secretaria, certifico co visto e praxe do Presidente/a, asinando, así mesmo, a acta todos os asistentes á mesma.

D./Dña. MARIA ROSARIO GONZALEZ PACIOS

DÑA. TANIA GARCÍA

SANMARTÍN

SECRETARIO/A

PRESIDENTA

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG e Vilagarcía en Común, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a exclusión da primeira empresa clasificada (Samaín Servizos á Comunidade SA) para a adxudicación do Contrato de Servizos denominado "Servizo de Auxa no Fogar" así como a devolución da garantía definitiva constituída polo adxudicatario licitador, e posterior adxudicación definitiva a favor da segunda empresa clasificada "Aralia Servizos Sociosanitarios SA".

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (5), BNG (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría a exclusión da primeira empresa clasificada (Samaín Servizos á Comunidade SA) para a adxudicación do Contrato de Servizos denominado "Servizo de Auxa no Fogar" así como a devolución da garantía definitiva constituída polo adxudicatario licitador, e posterior adxudicación definitiva a favor da segunda empresa clasificada "Aralia Servizos Sociosanitarios SA" polo prezo ofertado para 4 anos (IVE excluído) de 4.007.478,32 ao que corresponde un IVE 4%) de 160.299,13 € o que totaliza un importe de 4.167. 777,45 €(IVE4% incluído)., e as seguintes Melloras:

Servizo de Podoloxía: número de sesións (equivalendo cada sesión a 1 hora de podoloxía): 00 sesións

Servizo de rehabilitación terapéutica: número de sesións (equivalendo cada sesión a 1 hora de rehabilitación):

00 sesións

Servizos e actividades de formación a familias e persoas cuidadoras: número de horas/ano (máximo 240 horas):

240 horas/ano

Servizos e actividades preventivas para as familias vinculadas aos tipos de atencións socio educativas: número de horas/ano (máximo 240 horas/ano):

240 horas/ano

Oferta de axudas técnicas anuais:

-Guindastres de mobilización persoal (guindastre vertical eléctrico): 10 ud; -Cadeiras de ducha e bañeira: 10 ud.; - Cadeiras de rodas: 10 ud.

Oferta dunha bolsa de horas/anuais do servizo SAF: 1200 horas/ano

Oferta de servizo de limpeza e hixiene de carácter especial e urxente en domicilios: 00 servizos

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E TÉCNICAS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DENOMINADO “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DEFINITIVA DIRIXIDA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA A INCOACIÓN E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN QUE TEN POR OBXECTO ADXUDICAR A PRESTACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DENOMINADO “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”

O Pleno da corporación en sesión celebrada o día 30 de abril de 2019 retirou da orde do día unha proposta de Alcaldía anterior en relación con este procedemento, na actualidade presentase una nova proposta, sen dividir en lotes o obxecto do contrato.

Tal e como se pon de manifesto no informe de necesidade do contrato, o Concello de Vilagarcía de Arousa para poder desenvolver as competencias que a lexislación vixente lle encomenda, dispón dunha serie de edificios e instalacións onde se albergan dende actividades administrativas, institucionais, culturais, deportivas, etc.

Para que estas instalacións se atopen en perfectas condicións de uso, entre outras, e preciso realizar diaria e periodicamente labores de limpeza nas mesmas que ata o de agora ven realizando a empresa Clece, S.A., trala adxudicación do servizo efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de febreiro de 2017 e formalizado o contrato o 31 de marzo do citado

ano.

A mercantil Clece, S.A. manifestou a este concello, a súa intención de non prorrogar o contrato adjudicado, polo que procede efectuar unha nova licitación. Con tal motivo exlúese da licitación a nave de 4.300 m² existente nas instalacións de FEXDEGA e que non se destina a actividades deportivas, e incorpóranse ao contrato a nova Escola Infantil de Vilaxoán e a Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa e Vilaxoán. A primeira empeza a prestar servizos no presente curso escolar (2019-2020), e no caso das Prazas de abastos citadas, enténdese que é máis operativo que se atopen incluídas neste contrato por canto se trata dun servizo mínimo de prestación obrigatoria aos concellos con poboación superior a 5000 habitantes, establecido artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases del Réxime Local.

O persoal que actualmente presta servizo nas dependencias da Praza de Abastos de Vilagarcía e de Vilaxoán e que forman parte da plantilla da empresa Ferrovial (CESPA, SA) dentro do contrato de limpeza viaria e de recollida do lixo, continuarán prestando servizo coa empresa citada, no ámbito do contrato de limpeza viaria e recollida de lixo.

O orzamento total de licitación (IVE excluído) ascende a 3.322.847,75€, para catro anos de duración do contrato, e co IVE engadido ascende a 4.020.645,78 €.

Dado que se prevé a posibilidade dunha prórroga por un ano así como a modificación do contrato nun 5%, o valor estimado total ascendería a 4.361.237,67€ (sen IVE), polo que en aplicación do establecido na Disposición Adicional segunda, punto 2, da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, en adiante LCSP, atribúeselle a competencia, como órgano de contratación, ao Pleno da Corporación, debendo tramitarse o expediente de contratación por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada (artigo 22.1.c) LCSP)

Vistos os artigos 17 e 306 en relación co anexo IV da LCSP, e tendo e conta que, de acordo coa disposición adicional segunda de dito Texto Refundido o valor estimado do contrato, excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento municipal, e polo esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Iniciar o expediente de contratación para contratar o **SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA** e que o mesmo se tramite mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria e anticipada de gasto.

2.a) Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e anticipada de gasto, do contrato de servizos denominado "Limpeza de edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa", que se licitará mediante os servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, de prescrición técnicas e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.

c) Autorizar o gasto derivado deste contrato, con cargo as aplicacións orzamentarias indicadas no orzamento de cada un dos exercizos económicos aos que se extenda o contrato do orzamento municipal.

d) Dispoñer da apertura do procedemento de adjudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizado, a través dos servizos de licitación da Plataforma de Contratos do Sector Público.

e) Comunicar á empresa Ferrovial, S.A., que a partir da adjudicación deste contrato, deixará de prestar o servizo de limpeza nas Prazas de Abastos de Vilagarcía de Arousa e Vilaxoán. Non

obstante o persoal que actualmente presta servizo nas dependencias da Praza de Abastos de Vilagarcía e de Vilaxoán e que forman parte da plantilla da empresa Ferrovial (CESPA, SA) dentro do contrato de limpeza viaria e de recollida do lixo, continuarán prestando servizo coa empresa citada, no ámbito do contrato de limpeza viaria e recollida de lixo.

O Alcalde Presidente

Alberto Varela Paz

(asinado electronicamente)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de contratación xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas para a adjudicación do Contrato de Servizos, suxeito a regulación harmonizada, denominado "Servizo de Limpeza de Edificios e Instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa".

- Dáse conta do informe da Intervención Municipal no que se indica:

...)

Deberá consignarse nos exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 o crédito preciso para facer fronte ás anualidades do novo contrato de acordo co seguinte desglose:

PROGRAMA	ECONÓMICA	2020	2021	2022	2023	TOTAL/€
135	22700	5.173,08	5.173,08	5.173,08	5.173,08	20.692,32
320	22700	542.623,09	542.623,09	542.623,09	542.623,09	2.170.492,35
323	22700	16.551,16	16.551,16	16.551,16	16.551,16	66.204,64
323	22700	31.205,76	31.205,76	31.205,76	31.205,76	124.823,04
334	22700	64.165,20	64.165,20	64.165,20	64.165,20	256.660,80
432	22700	5.260,48	5.260,48	5.260,48	5.260,48	21.041,90
453	22700	6.695,13	6.695,13	6.695,13	6.695,13	26.780,51
920	22700	59.480,99	59.480,99	59.480,99	59.480,99	237.923,97
2311	22700	27.502,37	27.502,37	27.502,37	27.502,37	110.009,46
241	22700	4.074,16	4.074,16	4.074,16	4.074,16	16.296,63
3262	22700	12.139,41	12.139,43	12.139,43	12.139,43	48.557,68
4311	22700	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4312	22700	12.390,61	12.390,61	12.390,61	12.390,61	49.562,42
3261	22700	17.981,17	17.981,17	17.981,17	17.981,17	71.924,69
3321	22700	42.317,84	42.317,84	42.317,84	42.317,84	169.271,34
TOTAIS		847.560,45	847.560,44	847.560,44	847.560,44	3.390.241,77

..)

Fundación de Deportes:

PROGRAMA	ECONÓMICA	2020	2021	2022	2023	TOTAL/€
341	22700	157.601,00	157.601,00	157.601,00	157.601,00	630.404,01
TOTAIS		157.601,00	157.601,00	157.601,00	157.601,00	630.404,01

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos

municipais do PSG-PSOE (12), PP (5), BNG (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e 1 voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por Maioría:

1.- Iniciar o expediente de contratación para contratar o SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA” e que o mesmo se tramite mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria e anticipada de gasto.

2.a) Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e anticipada de gasto, do contrato de servizos denominado “Limpeza de edificios e instalacións dependentes do concello de Vilagarcía de Arousa”, que se licitará mediante os servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, de prescrición técnicas e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.

c) Autorizar o gasto derivado deste contrato, con cargo as aplicacións orzamentarias indicadas no orzamento de cada un dos exercizos económicos aos que se extenda o contrato do orzamento municipal:

CONCELLO

PROGRAMA	ECONÓMICA	2020	2021	2022	2023	TOTAL/€
135	22700	5.173,08	5.173,08	5.173,08	5.173,08	20.692,32
320	22700	542.623,09	542.623,09	542.623,09	542.623,09	2.170.492,35
323	22700	16.551,16	16.551,16	16.551,16	16.551,16	66.204,64
323	22700	31.205,76	31.205,76	31.205,76	31.205,76	124.823,04
334	22700	64.165,20	64.165,20	64.165,20	64.165,20	256.660,80
432	22700	5.260,48	5.260,48	5.260,48	5.260,48	21.041,90
453	22700	6.695,13	6.695,13	6.695,13	6.695,13	26.780,51
920	22700	59.480,99	59.480,99	59.480,99	59.480,99	237.923,97
2311	22700	27.502,37	27.502,37	27.502,37	27.502,37	110.009,46
241	22700	4.074,16	4.074,16	4.074,16	4.074,16	16.296,63
3262	22700	12.139,41	12.139,43	12.139,43	12.139,43	48.557,68
4311	22700	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4312	22700	12.390,61	12.390,61	12.390,61	12.390,61	49.562,42
3261	22700	17.981,17	17.981,17	17.981,17	17.981,17	71.924,69
3321	22700	42.317,84	42.317,84	42.317,84	42.317,84	169.271,34
TOTAIS		847.560,45	847.560,44	847.560,44	847.560,44	3.390.241,77

FUNDACIÓN DE DEPORTES:

PROGRAMA	ECONÓMICA	2020	2021	2022	2023	TOTAL/€
341	22700	157.601,00	157.601,00	157.601,00	157.601,00	630.404,01
TOTAIS		157.601,00	157.601,00	157.601,00	157.601,00	630.404,01

d) Dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizado, a través dos servizos de licitación da Plataforma de Contratos do Sector Público.

e) Comunicar á empresa Ferrovial, S.A., que a partir da adxudicación deste contrato, deixará de prestar o servizo de limpeza nas Prazas de Abastos de Vilagarcía de Arousa e Vilaxoán. Non obstante o persoal que actualmente presta servizo nas dependencias da Praza de Abastos de Vilagarcía e de Vilaxoán e que forman parte da plantilla da empresa Ferrovial (CESPA, SA) dentro do contrato de limpeza viaria e de recollida do lixo, continuarán prestando servizo coa empresa

citada, no ámbito do contrato de limpeza viaria e recollida de lixo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN PARCELAS DE SOLO INDUSTRIAL NA AVDA. AS CAROLINAS : Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO DE ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN PARCELA DE SOLO INDUSTRIAL DE SUPERFICIE SUPERIOR A 3.000 m² NA AVENIDA DAS CAROLINAS, S/N (R.U. 242), promovido por Mario Villanueva Ruiz, actuando en nome e representación de CAROLPARK, S.L.

Por Don Mario Villanueva Ruiz, actuando en nome e representación da mercantil “CAROLPARK, S.L”, presentouse o día 8.09.2016 (R.E.Nº 11396) Estudio de Detalle para ordenación de volumes en parcela de solo industrial de superficie superior a 3.000m², redactado polo arquitecto D. Juan Antonio Villanueva Ruiz

De conformidade co sinalado no artigo 80 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e o artigo 194 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia, os trámites seguidos neste expediente son:

- 1) Aprobación inicial polo órgano municipal competente mediante Resolución de Alcaldía de data 18.07.2017 (folio 95 expediente).
- 2) Información pública polo prazo mínimo dun mes, mediante publicación no DOG en un dos xornais de maior circulación na provincia. Consta publicado no D.O.G nº 152, de data 10.08.2017 (folio 111 expediente), así como no xornal Correo Gallego de data 5.08.2017 (folio 112).
- 3) Consta notificación individualizada a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, a efectos de que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que estimaran oportunas, sendo CAROLPARK, S.L o único propietario foi notificado en data 31.07.2017 segundo consta no folio 96 expediente administrativo.
- 4) Non consta presentación de alegacións ou reclamación segundo certificado de data 25.09.2017 obrante ao folio 113 do expediente administrativo.
- 5) Informe da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, emprego e Industria asinado polo xefe do Servizo de Administración Industrial de data 25.09.2017, sendo de carácter favorable á aprobación do Estudio de Detalle (folio 114).
- 6) Informe de AUGAS DE GALICIA asinado polo subdirector xeral de xestión de Dominio Público Hidráulico de data 21.05.2018 e pola Xefa da área de autorizacións e concesións en data 21.05.2018, sendo de carácter favorable á aprobación do Estudio de Detalle (folios 127 a 131).
- 7) Informe da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, do Ministerio de Fomento asinado polo Subdirector Xeral de Explotación, P.D do Director Xeral de Carreteras, en data 18.07.2019 sendo de carácter favorable á aprobación do Estudio de Detalle (folios 137-138).
- 8) Informe de UFD Distribución Electricidade, S.A de data 7.08.2019 sendo de carácter favorable á aprobación do Estudio de Detalle (folios 144-145).

9) Informes técnicos municipais favorables a aprobación definitiva emitidos polo Arquitecto municipal en data 22.07.2019 e do Enxeñeiro Técnico de data 23.07.2019.

10) Informe xurídico favorable á aprobación definitiva emitido en data 16.09.2019.

Á vista dos antecedentes propónse ao pleno como órgano competente en aplicación do artigo 22.1.c) da Lei 7/1985, de 12 de abril, de bases de réxime local, a adopción do seguinte

A C O R D O:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle para ordenación de volumes en parcela de solo industrial de superficie superior a 3.000m² na Avenida das Carolinas promovido por D. MARIO VILLANUEVA RUIZ, actuando en nome e representación de CAROLPARK, S.L.

Segundo: Publicar no prazo dun mes no DOG o acordo de aprobación definitiva, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei do Solo de Galicia e no artigo 199 do seu regulamento

Terceiro: Remitir o expediente, en soporte dixital, á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital

Alberto Varela Paz.

Alcalde-Presidente.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación definitiva do Estudio de Detalle para ordenación de volumes en parcela de solo industrial na Avda. As Carolinas, promovido pola Mercantil CAROLPARK, SL.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (5), BNG (1) e Ciudadanos (1) e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle para ordenación de volumes en parcela de solo industrial de superficie superior a 3.000m² na Avenida das Carolinas promovido por D. MARIO VILLANUEVA RUIZ, actuando en nome e representación de CAROLPARK, S.L.

Segundo: Publicar no prazo dun mes no DOG o acordo de aprobación definitiva, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei do Solo de Galicia e no artigo 199 do seu regulamento

Terceiro: Remitir o expediente, en soporte dixital, á Consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, de conformidade co sinalado no artigo 88 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

Dona Raquel Vidal Blanco, representante de Fridays for Future O Salnés, en relación coa moción presentada polo Grupo Municipal de Marea da Vila para a declaración de emerxencia climática.

Polo Sr. Alcalde al térase a Orde do Día do Pleno pasando a tratar a continuación os asuntos que figuran co nº 13 "Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila, sobre a declaración de emerxencia climática" e nº 14 "Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG relativa á emerxencia climática e a mobilización do 27 de setembro polo clima", realizando o debate conxunto dos mesmos e a posterior votación por separado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA, SOBRE A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA CLIMÁTICA:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila coa data de 11 de setembro de 2019, do seguinte teor:

DECLARACIÓN DE EMERXENCIA CLIMÁTICA

Ó PLENO DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

As organizacións abaixo firmantes e na súa representación, Marea da Vila, diríxense ao pleno do

Concello de Vilagarcía de Arousa e aos grupos políticos para instalos ao recoñecemento do estado de emerxencia climática no que nos atopamos mediante a adopción da presente moción e das medidas que dela se deriven.

O Concello de Vilagarcía de Arousa recoñece que o planeta, así coma os seres vivos e os ecosistemas, atópanse en grave perigo, proba disto son os recentes informes sobre o estado da biodiversidade do IPBES sobre o quentamento global de 1,5°C do IPCC, que alertan dun rumbo que leva á extinción dunha grande parte dos ecosistemas terrestres. Un millón de especies están ameazadas pola actividade humana. Tamén estase ao bordo do punto de non retorno fronte ao cambio climático. Non responder ante a crise ecolóxica e da civilización suporía a morte de millóns de persoas, ademais da extinción insubstituíbel de especies imprescindíbeis para a vida na Terra, dadas as complexas interrelacións dos ecosistemas.

Neste senso aceptamos a verdade da crise climática e a gravidade da situación. Admitir as evidencias científicas, así coma o camiño de redución das emisións propostas é o único xeito de protexer a existencia dun futuro para o concello. A cidadanía debe entender a urxencia e irreversibilidade desta loita e o Concello de Vilagarcía de Arousa pode desempeñar un papel clave na formación, educación e información sobre o necesario freo ás emisións de gases de efecto invernadoiro e realizar unha vital adaptación ás consecuencias do incremento da temperatura global.

Declarar a emerxencia climática require asumir o cumprimento de compromisos políticos reais e vinculantes, moito máis ambiciosos que os actuais, coa conseguinte asignación de recursos para facer fronte a esta crise. Unha folla de ruta vinculante capaz de garantir as reducións de gases de efecto invernadoiro anuais necesarias, abandonar os combustibles fósiles, apostar por unha enerxía 100% renovable e reducir a cero as emisións netas de carbono o antes posíbel, de xeito urxente e prioritario, en liña coas indicacións do informe do IPCC para limitar o aumento das temperaturas globais a 1,5°C. Un estado de emerxencia implica reconduciren todos os recursos posibles dos Concellos para encarar a crise climática cos problemas asociados que implica.

A declaración de emerxencia climática supón iniciar un proceso de educación, formación e concienciación a toda a poboación sobre a verdade da crise ecolóxica e o enorme cambio necesario para retardar a emerxencia. Ante a mesma o Concello comprométese a iniciar este proceso de transformación social e asegurar a plena consecución dos seguintes obxectivos xerais.

O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA COMPROMÉTESE A:

1. Establecer os compromisos políticos, normativas e recursos necesarios para garantir reducións de gases de efecto invernadoiro para chegar ao balance neto cero non máis tarde de 2040 e a ser posíbel antes de 2035, así como deter a perda da biodiversidade e restaurar os ecosistemas coma única resposta posíbel para evitar un colapso de todos os sistemas naturais, incluído o humano.

2. Abandonar os combustibles fósiles, apostando por unha enerxía 100% renovábel de xeito urxente e prioritario. Para elo os gobernos municipais deben analizar como lograr este obxectivo e propoñer os planes de actuación necesarios. Entre outros, frear novas infraestruturas fósiles, alcanzar o pleno autoconsumo eléctrico 100% renovábel e unha mobilidade sostible o antes posíbel, crear espazos peonís, fomentar a bicicleta e outros medios de transporte non contaminantes, reducir a demanda de enerxía ata consumos sostíbeis, promover o aumento da eficiencia enerxética e das instalacións renovábeis, crear espazos educativos e de información á poboación sobre a emerxencia climática, acadar unha política de residuo 0, evitar os bancos, cos que traballa o municipio, que financien proxectos baseados en combustibles fósiles, apoiar a xestión dos comunais enfocada á recuperación da terra fértil e o freo da erosión. A recuperación

dos acuíferos, a recuperación dos pastos a través da xestión intelixente do territorio, determinar apoios e beneficios fiscais para os pobos e aldeas que desenvolven funcións claves de mitigación do cambio climático e abordar proxectos de rexeneración rural, ecolóxica e humana.

3. É necesario avanzar, entre outras, nunha economía local e de proximidade, que impulse a soberanía alimentaria, silvicultura, agricultura e gandería ecolóxica e de proximidade. Acadando o antes posíbel o pleno subministro agro-ecolóxico nos servizos de restauración municipais e estendéndoo ao resto da poboación.

4. Iniciar a necesaria adaptación dos municipios á crise climática, coas consecuencias do incremento da temperatura global, as olas de calor, a irregularidade das precipitacións, o aumento do nivel do mar e outras manifestacións que xa están a producirse.

5. A xustiza, a democracia e a transparencia deben ser piares fundamentais de todas as medidas que se apliquen, polo que se ten que establecer un mecanismo de toma de decisións cidadán de carácter vinculante con competencias en materia de vixilancia, seguimento e control das medidas adoptadas. Para elo será necesario establecer indicadores e obxectivos verificables e cuantificables. Faise necesario garantir que este mecanismo integre especialmente a visión de xénero e doutros colectivos vulnerábeis.

ANEXO 1.

Firmantes:

- 2020 Rebelión por el clima
- Amigos de la Tierra
- Asociación Despierta
- Asociación Ecología y Educación para una Ciudad Sostenible Transitando
- ATTAC
- BATÍQ
- CGT
- Climate Reality Project
- Confederación Intersindical
- Contra el diluvio
- Cooperativa Lluriga
- Educación Ambiental EA26
- Ecologistas en Acción
- Ecooo
- Entrepueblos
- Extinction Rebellion Spain
- Foro transiciones
- FRAVM
- Fridays For Future
- ADEGA
- Fundación Vida Sostenible.
- Greenpeace
- IES Las Américas (Parla)
- InspirAction
- Intersindical Región Murciana
- Intersindical Valenciana
- La Transicionera (Sevilla)
- Madres por el Clima
- Mujeres con Energía

- Observatorio de la sostenibilidad
- Plataforma por un Nuevo Modelo Energético
- Red de Mujeres por una Transición Energética Ecofeminista
- Red Ecofeminista
- Red ibérica de Ecoaldeas
- Revo Prosperidad Sostenible
- SEO Birdlife
- Sustenta
- Teachers For Future Spain / Profes Por El Futuro
- Unión Sindical Obrera (USO)
- València Saludable
- WWF España
- 350BCN

A seguir sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre a declaración de emerxencia climática.

- Intervén Dona Raquel Vidal Blanco en representación de Fridays for future O Salnés.

- Polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda de adición:

Apartado 2º)Atendendo aos límites das competencias do Concello e de acordo coa lexislación vixente...

Polo Grupo Municipal de Marea da Vila aceptase a emenda.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada polo Grupo Municipal do PSG- PSOE da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político Municipal de Marea da Vila, coa emenda do grupo político municipal do PSG-PSOE e comprometerse o Concello a :

1. Establecer os compromisos políticos, normativas e recursos necesarios para garantir reducións de gases de efecto invernadoiro para chegar ao balance neto cero non máis tarde de 2040 e a ser posíbel antes de 2035, así como deter a perda da biodiversidade e restaurar os ecosistemas coma única resposta posíbel para evitar un colapso de todos os sistemas naturais, incluído o humano.

2. Atendendo aos límites das competencias do Concello e de acordo coa lexislación vixente abandonar os combustibles fósiles, apostando por unha enerxía 100% renovábel de xeito urxente e prioritario. Para elo os gobernos municipais deben analizar como lograr este obxectivo e propoñer os planes de actuación necesarios, atendendo aos límites das competencias do Concello e de acordo coa lexislación vixente. Entre outros, frear novas infraestruturas fósiles, alcanzar o pleno autoconsumo eléctrico 100% renovábel e unha mobilidade sostible o antes posíbel, crear espazos peonís, fomentar a bicicleta e outros medios de transporte non contaminantes, reducir a demanda de enerxía ata consumos sostíbeis, promover o aumento da

eficiencia enerxética e das instalacións renovábeis, crear espazos educativos e de información á poboación sobre a emerxencia climática, acadar unha política de residuo 0, evitar os bancos, cos que traballa o municipio, que financien proxectos baseados en combustibles fósiles, apoiar a xestión dos comunais enfocada á recuperación da terra fértil e o freo da erosión. A recuperación dos acuíferos, a recuperación dos pastos a través da xestión intelixente do territorio, determinar apoios e beneficios fiscais para os pobos e aldeas que desenvolven funcións claves de mitigación do cambio climático e abordar proxectos de rexeneración rural, ecolóxica e humana.

3. É necesario avanzar, entre outras, nunha economía local e de proximidade, que impulse a soberanía alimentaria, silvicultura, agricultura e gandería ecolóxica e de proximidade. Acadando o antes posíbel o pleno subministro agro-ecolóxico nos servizos de restauración municipais e estendéndoos ao resto da poboación.

4. Iniciar a necesaria adaptación dos municipios á crise climática, coas consecuencias do incremento da temperatura global, as olas de calor, a irregularidade das precipitacións, o aumento do nivel do mar e outras manifestacións que xa están a producirse.

5. A xustiza, a democracia e a transparencia deben ser piares fundamentais de todas as medidas que se apliquen, polo que se ten que establecer un mecanismo de toma de decisións cidadán de carácter vinculante con competencias en materia de vixilancia, seguimento e control das medidas adoptadas. Para elo será necesario establecer indicadores e obxectivos verificables e cuantificables. Faise necesario garantir que este mecanismo integre especialmente a visión de xénero e doutros colectivos vulnerábeis.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á EMERXENCIA CLIMÁTICA E A MOBILIZACIÓN DO 27 DE SETEMBRO POLO CLIMA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG coa data de 17 de setembro de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN EN RELACIÓN COA EMERXENCIA CLIMÁTICA E A MOBILIZACIÓN DO 27 DE SETEMBRO POLO CLIMA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á emerxencia climática e a mobilización do 27 de setembro polo clima.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O vindeiro venres 27 de setembro está convocada unha mobilización mundial en defensa do planeta e para facerlle fronte ás ameazas e riscos derivados da chamada “crise do clima”. Trátase dunha chamada de atención diante do inexorábel “cambio climático” e da incapacidade de organismos internacionais e grandes corporacións para facerlles fronte.

A proba máis evidente desta crise son os recentes informes de dous organismos internacionais dependentes das Nacións Unidas: o Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (IPCC) e a Plataforma Intergubernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos (IPBES). Estes informes fixeron saltar as alarmas sobre a catástrofe ambiental e humana a que está abocada o planeta se non se produce un drástico cambio de rumbo, xa que non se están cumprindo os

obxectivos marcados nos sucesivos cumios do clima e os acordos internacionais ao respecto. Non é tempo pois de “bágoas de crocodilo” nin de declaracións para a galería. É tempo de actuar, e de facelo con determinación. Cómpre aprobar un plan de acción que vaia ás causas do problema, non que simplemente minimize, atenúe e atrase as súas gravísimas consecuencias.

2. Dada a magnitude e as graves consecuencias que está a ter xa a “emerxencia climática”, consideramos necesario enfrontala desde unha tripla dimensión: a global, a galega e a local.

En primeiro lugar, nunha perspectiva global, cómpre denunciar o interese en poñer o foco de atención nas consecuencias da crise climática (incremento das temperaturas, seca, escaseza de recursos, destrución da biodiversidade, ameazas para a saúde) e non nas súas causas: sistema económico capitalista depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas... Cómpre polo tanto denunciar as consecuencias da actual fase do capitalismo e explicar a crise climática nese contexto, poñendo en relación as agresións ao medio coas desigualdades económicas e sociais e as opresións nacionais e de clase.

En segundo termo, desde unha perspectiva galega é necesario ter en conta o papel de Galiza na economía estatal e mundial como fornecedora de materias primas, mediante o desenvolvemento de actividades extractivas e depredadoras que teñen altos custos ambientais e escasos beneficios sociais e para o país no seu conxunto. En consecuencia, débese situar no centro do debate as consecuencias para o clima, para a saúde, para a cohesión social e territorial e para o benestar colectivo das actividades extractivas de sectores como o enerxético, industrial, forestal, megamineiro, a mobilidade, o ciclo da auga, a xeración e xestión dos residuos, os macrocentros comerciais...

defendendo un modelo alternativo que poña o relevo na sustentabilidade, na xustiza social, no equilibrio ambiental e no beneficio colectivo para o noso país.

En terceiro lugar, é necesario considerar como afecta a emerxencia climática no ámbito local e as medidas que poden desenvolver os concellos e deputación, no seu ámbito de competencia, para facerlle fronte a este desafío, mediante a redución da pegada ecolóxica con actuacións no ámbito do urbanismo, a mobilidade, a enerxía, a xestión dos residuos, a xestión do ciclo da auga, ou a aposta por un desenvolvemento económico máis sustentábel e máis xusto que fomente os recursos propios, as cadeas de valor e o comercio de proximidade.

3. O debate sobre a emerxencia climática é un terreo cheo de trampas, cheo de declaracións para a galería, de boas intencións e de posturas cosméticas. Todo o mundo se apunta á moda do verde, do sustentábel, da economía circular, mesmo aqueles gobernos e grandes corporacións que traballan xusto no sentido contrario e que son os principais responsábeis da crise do clima. Por iso precisamos menos declaracións e máis actuacións, menos postureo e máis medidas efectivas para cambiar o rumbo dun mundo que vai camiño da catástrofe.

Polo anteriormente exposto, o BNG presenta a seguinte Moción para o debate no Pleno.

O grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación a adopción do seguinte Acordo

1. Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.

2. Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática, e esixir ao Estado español e á UE que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.

3. Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza que desenvolva un marco legislativo e estratexias

concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.

4. Impulsar/seguir impulsando actuacións encamiñadas a minguar a pegada ecolóxica no seu ámbito xeográfico desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:

- Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.
- Desenvolvemento dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente necesario a uso dos vehículos privados a motor.
- Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesíbeis, amabéis e integradores, que favorezan a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.
- Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliaria e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e embalaxes - Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentábel da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsable e a reutilización dos recursos.
- Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.
- Potenciar os espazos naturais protexidos e a súa conectividade e impulsar iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.

5. Creación dun comité ou gabinete de acción contra a emerxencia climática, en coordinación con outras instancias institucionais. O obxectivo deste comité é analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións da institución para facerlle fronte á crise climática tendo en conta as competencias na materia, que poderán ter a condición de Plan Director ou Plan Estratéxico fronte á emerxencia climática. A súa elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación farase coa máxima participación social, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á emerxencia climática e a mobilización do 27 de setembro polo clima.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e cinco votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG e,

1. Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.

2. Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática, e esixir ao Estado español e á UE que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.

3. Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza que desenvolva un marco lexislativo e estratexias concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.

4. Impulsar/seguir impulsando actuacións encamiñadas a minguar a pegada ecolóxica no seu ámbito xeográfico desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:

- Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.

- Desenvolvemento dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinxa ao estritamente necesario a uso dos vehículos privados a motor.

- Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesíbeis, amabéis e integradores, que favorezan a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.

- Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos biorresiduos primando a compostaxe domiciliar e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e embalaxes - Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentábel da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsable e a reutilización dos recursos.

- Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.

- Potenciar os espazos naturais protexidos e a súa conectividade e impulsar iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.

5. Creación dun comité ou gabinete de acción contra a emerxencia climática, en coordinación

con outras instancias institucionais. O obxectivo deste comité é analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións da institución para facerlle fronte á crise climática tendo en conta as competencias na materia, que poderán ter a condición de Plan Director ou Plan Estratéxico fronte á emerxencia climática. A súa elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación farase coa máxima participación social, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

- Polo Sr. Alcalde indícase que se procede ao debate conxunto das mocións que figuran cos números 11 e 12 da orde do día, procedendo á súa votación por separado.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA DE APOIO Á CAMPAÑA EMERXENCIA FEMINISTA, PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal de Marea da Vila coa data de 10 de setembro de 2019, do seguinte teor:

PROPOSTA DE MOCIÓN DE APOIO Á CAMPAÑA #EmerxenciaFeminista PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES CON MOTIVO DA ACCIÓN PREVISTA PARA O 20 DE SETEMBRO DE 2019, EN TODO O PAÍS.

Ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa

Ao amparo do disposto no artigo 97.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2569/86 do 28 de Novembro, o Grupo Municipal Marea da Vila presenta para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a proposición sobre “Apoio á campaña #EmerxenciaFeminista promovida en Galicia, entre outras, polas organizacións de mulleres: Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia, Rede Galega pola Igualdade, Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega, Sociedade Galega de Sexoloxía, soño de Lilith, Teenses pola igualdade, Foro feminista Maruxa Mallo, Asociación Viúvas Demócratas de Vigo, Colectivo Feminista Pontevedra, Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, así como a agrupación Comando Igualdade, e outras que se poderán ir sumando; todas elas en repulsa contra os asasinatos de mulleres e a violencia machista”,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O verán de 2019, será recordado como un verán negro. Os telexornais énchense de asasinatos machistas, os seus titulares din que aparecemos mortas, non señores, estannos asasinando. O pasado mes de xullo, cada dous días, unha muller foi asasinada.

Isto xa non é unha alerta, declaramos a emerxencia feminista. País que asasinan aos seu fillos e fillas para causar o maior dos sufrimentos. Pederastia, trata, desaparicións, asasinatos, chantaxes, extorsión, ameazas, acoso, agresións, abusos, manadas, violacións están á orde do día. Unha xustiza que non é xusta, poñendo en dúbida a declaración das vítimas. Sentencias sen sentido que nos manda a mensaxe alta e clara de que “o teu corpo non te pertence, a túa vida non te pertence”.

E seguimos, seguimos como si se puidese continuar. Seguimos porque están acostumados á

nosa xustiza, están acostumados á violencia, están acostumados a tratarnos coma cidadáns de segunda, acostumados aos nosos corpos sen vida. Para vos “estas cousas pasan e pasaron sempre”. Seguimos neste estado de guerra inadmisíbel nun estado democrático.

Non hai tempo, paremos o mundo, non se pode seguir normalizando esta situación, non se pode seguir condenando ás mulleres a convivir co terrorismo machista. Un terror que se mete en cada recuncho do noso día a día, coa dúbida constante de quen será a seguinte.

Fáltannos as máis de mil mulleres asasinadas dende o 2003, fáltannos todas as que non foron contadas, todas as que xa non están. So no mes de xullo 13 mulleres e unha menor foron asasinadas.

Basta de mirar cara outro lado, da falta de compromiso, dos erros que se permiten. Esiximos responsabilidade e maior compromiso de a tódalas institucións do noso Estado de Dereito.

Por todo o anterior, SOLICITAMOS:

Apoio desta corporación municipal á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través do medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:

1. Iluminar de violeta a noite do 20 de setembro a fachada do Concello ou a zona onde se realice a concentración convocada polas organizacións como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación e que lle poida ser solicitada polas organizacións convocantes.
2. Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.
3. Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende tódalas instancias: iso é terrorismo de estado.

As organizacións convocantes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila de apoio á campaña emerxencia feminista, promovida polas organizacións de mulleres.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila e apoiar a campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través do medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:

1. Iluminar de violeta a noite do 20 de setembro a fachada do Concello ou a zona onde se realice

a concentración convocada polas organizacións como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación e que lle poida ser solicitada polas organizacións convocantes.

2. Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.

3. Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende tódalas instancias: iso é terrorismo de estado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG coa data de 17 de setembro de 2019, do seguinte teor:

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de marzo de 2019 o feminismo galego volveu facer historia cunha folga e unha serie de mobilizacións previas que superaron a asistencia e expectativas xeradas após a tamén histórica xornada do 8 de marzo de 2018. Porén, a resposta esixida nas rúas non ten chegado na parte que compete ás administracións públicas e é preciso tomar conciencia da necesidade de incrementar os esforzos a realizar.

Recentemente Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social pero que, porén, unha vez máis, non mereceron comparecencias específicas dos gobernos como si o fixeron outros asuntos. No mes de xullo, galegas e galegos volvíamos saír ás rúas para condenar un novo feminicidio en Galiza, no concello de Vilalba. Cómpre recordar tamén que este último asasinato tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fora uebrantada, o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes. Tristemente, a semana pasada viamos como 3 mulleres eran asasinadas en Valga, a mans da exparella dunha delas. E volvemos saír á rúa.

A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e

festivais, agresións verbais aos puntos lilás de moitos eventos, sentenzas patriarcais, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

Acordo

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.

2. Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.

3. Demandar do goberno central:

a) o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantir con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos

b) a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.

c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumplir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)

3. Demandar da Xunta de Galiza:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.

b) Deixar de incumplir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumplimento e da política económica aplicada durante a década Feijoo.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre prevención e loita contra a violencia machista.

- Dáse conta da seguinte emenda presentada polo grupo político municipal do PP:

3. Solicitar do Goberno Central un incremento das contías económicas destinadas á administración local no Pacto de Estado para os próximos exercicios orzamentarios procurando que estes recursos sexan distribuídos tendo en conta as especificacións do territorio ao que van

destinadas.

4. Solicitar do Goberno Galego un incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no próximo exercicio orzamentario, así como a aprobación de partidas económicas para dotar de mais persoal especializado en violencia de xénero, os medios que existen e que fagan posible unha maior cobertura nunha aprte importante do territorio que hoxe carecen de eses recursos.

- O Grupo Municipal do BNG non acepta a emenda presentada.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde a moción da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e cinco votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e.

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.

2. Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.

3. Demandar do goberno central:

a) o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantir con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos

b) a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.

c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumprir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)

3. Demandar da Xunta de Galiza:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.

b) Deixar de incumprir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijoo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO

MUNICIPAL DE MAREA DA VILA, SOBRE O IMPULSO DA MOBILIDADE A PÉ E A INCORPORACIÓN DE VILAGARCÍA DE AROUSA Á “REDE DE CIDADES QUE CAMIÑAN”.::

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal de Marea da Vila coa data de 11 de setembro de 2019, xunto con documentación complementaria á mesma.

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 26 de setembro de 2019, a seguinte moción:

Moción para o impulso da mobilidade a pé e a incorporación de Vilagarcía de Arousa á “Rede de cidades que camiñan”.

Con motivo da Celebración da Semana Europea da Mobilidade entre o 16 e 22 de setembro, compre reflexionar sobre a mobilidade e como esta condiciona o modelo de vila cara o que nos decidamos encamiñar. Podemos afirmar que existe un movemento que reivindica unha nova concepción dos espazos urbanos entroncada co chamado “urbanismo feminista”, que combina as esixencias de sustentabilidade e coidado do medio ambiente coa configuración dos mesmos en torno ás persoas e as vivencias, convertendo aos peóns nos protagonistas das nosas vilas e cidades. Non en van, o lema desta Semana Europea da Mobilidade 2019 é, precisamente, “Camiña con nós”, reivindicando ao peón como suxeito principal da mobilidade.

No referente a Vilagarcía, as súas características convértena nunha cidade potencialmente “camiñable”. De feito, como moitas vilas da nosa contorna, nos últimos anos se realizaron actuacións orientadas a convertela nunha vila máis peonil e vivible. Sen embargo, o proceso de transición dende a mobilidade tradicional (fundamentada no uso do vehículo particular) cara a mobilidade sostible, resulta complexo, e require de planificación e da combinación de elementos que non sempre se articulan de maneira simultánea. A reordenación do tráfico, a posta en marcha de alternativas de transporte, a concepción global da mobilidade son factores determinantes. O coñecemento e o estudo das experiencias de vilas e cidades que levan avanzado máis que nós cara esa mobilidade sostible, poden resultar fundamentais á hora de experimentar a transformación de Vilagarcía evitando caer en erros que a dificulten. Nese senso, a “Rede de cidades que camiñan” (<http://ciudadesquecaminan.org/>) supón un espazo de posta en común das distintas experiencias de cidades que

adoptan unha serie de principios comúns como é o dunha mobilidade de base peonil ou o dereito ao espazo público (entre outros), así como os dereitos e principios estratéxicos recollidos na “Carta dos Dereitos do Peón” adoptada polo Parlamento Europeo en outubro de 1988. Á pertenza á mesma, facilita a aprendizaxe en rede, favorece a xeración de sinerxías con outras entidades e a participación en mesas de elaboración de leis supramunicipais, o acceso a recursos didácticos, asesoría técnica e distintas ferramentas de medición dos resultados anuais. Ademais, a Rede de cidades que camiñan funciona como un altofalante respecto ao compromiso coa mobilidade peonil das vilas e cidades que pertencen á rede, o que supón un valor engadido.

En Marea da Vila acreditamos na creación de redes entre que fomenten a coordinación entre concellos e que, á vez, nos fan máis autónomas na xestión dos recursos propios. Camiñar non é só o modo de mobilidade natural ás persoas, senón o máis san e coidadoso co medio ambiente e, polo tanto, o maior garante de vilas saudables e con futuro.

Por todo isto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, a adopción dos seguintes

ACORDOS

-O Concello de Vilagarcía solicitará información respecto ás características e servizos da “Rede de cidades que camiñan” co fin de adherirse á mesma sempre que os mesmos coincidan co exposto na web <http://ciudadesquecaminan.org/>

-Para formar parte da “Rede de cidades que camiñan” o Concello de Vilagarcía asumirá como propios os principios e dereitos polos que se rexe o proxecto e que acompañan a esta moción.

-O Concello de Vilagarcía comprométese á realización de actividades didácticas abertas á cidadanía sobre os beneficios para a cidadanía da mobilidade a pé.

-O Concello de Vilagarcía comprométese a abordar o tránsito cara unha nova mobilidade de maneira global, dotando ás vías públicas de espazos “camiñables” e prestando especial atención á situación do rural e as parroquias que, polas súas características actuais, requiren de actuacións máis profundas e maiores investimentos para equiparar a súa situación á transformación posta en marcha noutras zonas de Vilagarcía.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre o impulso da mobilidade a pé e a incorporación de Vilagarcía de Aousa á "Rede de Cidades que Camiñan".

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódalos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila e

-O Concello de Vilagarcía solicitará información respecto ás características e servizos da “Rede de cidades que camiñan” co fin de adherirse á mesma sempre que os mesmos coincidan co exposto na web <http://ciudadesquecaminan.org/>

-Para formar parte da “Rede de cidades que camiñan” o Concello de Vilagarcía asumirá como propios os principios e dereitos polos que se rexe o proxecto e que acompañan a esta moción.

-O Concello de Vilagarcía comprométese á realización de actividades didácticas abertas á cidadanía sobre os beneficios para a cidadanía da mobilidade a pé.

-O Concello de Vilagarcía comprométese a abordar o tránsito cara unha nova mobilidade de maneira global, dotando ás vías públicas de espazos “camiñables” e prestando especial atención á situación do rural e as parroquias que, polas súas características actuais, requiren de actuacións máis profundas e maiores investimentos para equiparar a súa situación á transformación posta en marcha noutras zonas de Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO

MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN HORARIO DO TRANSPORTE ESCOLAR DO CEIP DE RUBIÁNS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade, de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE coa data de 18 de setembro de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN: CAMBIO DO HORARIO DO TRANSPORTE ESCOLAR DO CEIP RUBIÁNS

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española consagra o dereito á educación e corresponde aos poderes públicos garantir o exercicio deste dereito en condicións de igualdade, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e promovendo as condicións para que esta igualdade sexa real e efectiva. Neste sentido, as administracións educativas deben proporcionar un servizo público que se caracterice por reducir os obstáculos que poidan dificultar o exercicio efectivo do dereito fundamental a recibir unha educación básica obrigatoria e gratuíta, recollido de forma preferente na nosa Constitución. Así, correspóndelles arbitrar as medidas oportunas para compensar as desigualdades de calquera índole que poidan presentarse á hora de exercer ese dereito, co propósito de que, con independencia das situacións familiares, sociais ou económicas de partida, todos os alumnos teñan acceso á educación sen limitacións.

E entre esas medidas o transporte escolar, que a propia normativa educativa define como un servizo educativo complementario e gratuíto para todos os centros públicos, contribúe a garantir o acceso á educación.

No CEIP de Rubiáns de Vilagarcía de Arousa este servizo non dá resposta ás necesidades da rapazada nin das súas familias.

O servizo de transporte escolar do CEIP de Rubiáns comparte servizos con outros centros de ensino o que demora notablemente o horario de recollida do alumnado.

Isto provoca un retraso no desenvolvemento normal das actividades no centro. Así o inicio do horario das clases é ás 09:50 e a saída ás 14:50 horas. O que supón un serio problema de conciliación familiar e laboral de moitas familias.

O horario de comedor redúcese dunha hora (o habitual en todos os comedores escolares) a 45 minutos.

Este horario supón un trastorno para toda a comunidade educativa do CEIP de Rubiáns.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Educación a modificar o horario do transporte escolar do CEIP de Rubiáns, atendendo ás demandas da comunidade educativa.
2. Dar traslado deste acordo á Consellería de Educación e grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de setembro de 2019

Tania García Sanmartín
Voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo municipal do PSG-PSOE sobre modificación horario do transporte escolar do CEIP Rubiáns.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- por unanimidade de tódalos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e,

1. Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Educación a modificar o horario do transporte escolar do CEIP de Rubiáns, atendendo ás demandas da comunidade educativa.
2. Dar traslado deste acordo á Consellería de Educación e grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE MELLORAS NA PISTA MULTIUSOS DA TOMADA – CARRIL.:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 18 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, o amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de setembro de 2019 a seguinte

MOCIÓN:

Melloras na pista multiusos da Tomada Carril

EXPOÑEN

O estado no que se atopa a pista é lamentable. Custou máis de 50.000 euros en 2017, e en menos de dous anos está totalmente esnaquizada.

Contra gamberradas é difícil actuar, iso está claro. Algúns dos mástiles de aluminio que suxeitan as redes que hai ao redor da pista se racharon, e están amarrados con bridas, isto é unha temeridade, e supón un gran perigo para os nenos e nenas que poidan xogar alí.

A pista parece totalmente descoidada, hai lixo dentro e fóra da pista, as papeleras desbordadas, as herbas son máis altas que os bancos, en definitiva está abandonada.

Outra vez atopámonos nesta pista cun difícil ou imposible acceso para persoas con mobilidade reducida.

SOLICITA

Que o Concello de Vilagarcía, o ser esta unha instalación nova, a mantéña nas mellores condicións posibles, límpese coa frecuencia necesaria, substitúanse os elementos que se van rachando, e faga un acceso para persoas con mobilidade reducida.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo municipal do PP sobre melloras na Pista Multiusos da Tomada - Carril.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- por unanimidade de tódal/osas Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e que Concello de Vilagarcía, o ser esta unha instalación nova, a mantéña nas mellores condicións posibles, límpese coa frecuencia necesaria, substitúanse os elementos que se van rachando, e faga un acceso para persoas con mobilidade reducida.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE MELLORAS NO PARQUE DO CAVADELO: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 18 de setembro de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno ordinario do 29 de agosto de 2019, a seguinte

MOCIÓN:

“Melloras no parque do Cavadelo”

EXPOÑEN

O Parque do Cavadelo, ten unha falta de mantemento enorme, e en moitos casos perigoso para os veciños que o frecuenta ou que transitan por el.

Empezando polas escaleiras de madeira que están á beira do aparcadoiro, que están cedidas e romperán en calquera momento. Ademais falta desde hai moito tempo una das varandas, o que aínda fai máis perigosas estas escaleiras.

Unha vez subidas as escaleiras, en todo o camiño que leva ás pistas de baloncesto, hai unhas reixas con canlón que están na súa maioría afundidas, e cun grave perigo de que alguén as pise e caía.

Detrás de dúas canastras de baloncesto hai unha pequena bancada, na que faltan bastantes taboleiros que fan de asento, nalgúns casos seguen só os parafusos facía arriba, co consecuente perigo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía de Arousa,

SOLICITA

- Que o Concello de Vilagarcía revise todo o Parque do Cavadelo para facer os labores de mantemento necesarios co fin de evitar situacións de perigo, e mellorar a súa imaxe.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo municipal do PP sobre melloras no Parque do Cavadelo.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP (5), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Ciudadanos (1) e unha abstención da Concelleira do grupo político municipal de Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e que o Concello revise todo o Parque do Cavadelo para facer as labores de mantemento necesarios co fin de evitar situacións de perigo e mellorar a súa imaxe.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE CIUDADANOS SOBRE CREACIÓN DUN CIRCUITO DE PUMPTRACK NO BARRIO DE A FLORIDA Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos coa data de 18 de setembro de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN:

Creación dun circuito de Pumptrack no barrio de A Florida

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un “Pumptrack” é un circuito, Xeralmente de pequenas dimensións, que se pode percorrer completamente cun monopatín sen necesidade de impulsarse co pé, ou cunha una bicicleta sen necesidade de dar pedáis; únicamente co impulso e a inercia adquirida nos saltos e peraltes do circuito, así como a propia habilidade del skater o ciclista.

Este tipo de infraestruturas está en auxe ó longo de todo o territorio nacional, atopando circuitos en poboacións galegas coma Vigo, O Grove, Narón, Cedeira... e contando cun gran número de usuarios.

Entre as Rúas A Florida e Rúa Bubela se atópase un circuito de bicicletas en desuso polo seu deseño deficiente. Ó ser un circuito de terra, é costoso mantelo, xa que as choivas erosionan o terreo e os saltos. Sería conveniente recuperalo, remodelándoo tanto na súa forma como nos materiais, sendo recomendable o emprego de asfalto ou hormigón, e contando para o seu deseño coa experiencia de usuarios deste tipo de circuitos.

O barrio de A Florida en Vilagarcía destaca por ser un dos de maior crecemento durante os últimos anos do século XX e as primeiras décadas do XXI. Conta cunha importante densidade de poboación, así como de determinados servizos públicos, áreas comerciais que conviven co pequeno comercio, un parque excepcional como é o parque Da Coca, bañado polo cauce do Río do Con... Sen embargo, a súa actividade cultural, deportiva e de ocio non se corresponde co que cabe agardar dun barrio que latexa.

Consideramos que é necesario revitalizar a zona con medidas como a creación dun circuito Pumptrack, que permita ós xóvenes recuperar un espazo para facer deporte.

SOLICITA:

1. Acordo plenario para a creación dun circuito Pumptrack entre as Rúas de A Florida e Bubela, no actual circuito de bicicletas.
2. Acordo do pleno da corporación para que se destine unha partida orzamental para a creación de dito circuito.

Voceiro de Ciudadanos en Vilagarcía:

David Higinio Oliveira Barreiro

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Ciudadanos informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos sobre creación dun circuito de pumptrack no Barrio de A Florida.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5) e Ciudadanos (1), tres abstencións das persoas pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1), e doce votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos sobre creación dun circuito de pumptrack no Barrio de A Florida.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=19>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

20.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE CIUDADANOS SOBRE ESTUDO PARA A MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 23 de setembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos coa data de 18 de setembro de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN:

“ESTUDO PARA A MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilagarcía é unha vila que sufríu importantes modificacións nos últimos anos do seu trazado urbano. Tentando facer unha cidade máis amable para o peatón, reducíronse os viais destinados ó tráfico rodado provocando un problema de atascos diarios que adquiren maior dimensión nas épocas estivais. Convén lembrar que Vilagarcía é un importante núcleo comercial para a xente de toda a comarca, sen embargo os problemas de tráfico fan que moita xente escolla outras opcións para mercar, e iso repercute negativamente no comercio local.

Consideramos que neste proceso de modernización da cidade e necesario contar cunha planificación máis axeitada, e un dos pasos a levar a cabo é a mellora do transporte público, que disuada á xente de coller o vehículo particular para os desprazamentos, conseguindo ademais unha cidade máis limpa.

Por todo isto o Grupo Municipal de Ciudadanos

SOLICITA

1. Facer un estudo de viabilidade técnica i económica, conxuntamente coa concesionaria do servizo para acadar os seguintes obxectivos:

A. Chegar a máis xente: A reformulación das liñas actuais, chegando a máis destinos de interese, como o Porto ou os polígonos industriais, sobre todo nas horas de entrada e saída do traballo; ou zonas poboadas con grande capacidade de atraer viaxeiros que actualmente non contan cun transporte público de calidade.

B. Mellora da economía familiar: A posibilidade de crear billetes integrados, de xeito que un

veciño só teña que pagar unha vez para chegar de calquer punto a calquer outro do municipio, aínda tendo que cambiar de liña. O transporte público pode e debe ser máis económico que o emprego do vehículo particular.

C. Concienciar á poboación sobre a mellora do medio ambiente: Facer un plan de concienciación para os traballadores das grandes empresas que os leve a escoller o medio de transporte público, e para a cidadanía en Xeral, mellorando o tráfico, reducindo ás emisións tóxicas, e conseguindo unha cidade máis limpa.

2. Valorar e estudar a seguinte proposta de reformulación das liñas de autobuses que permitirían chegar a máis veciños e a máis puntos de interese

? A creación de dúas liñas de autobús circulares Vilaxoán – Vilagarcía, en sentidos inversos que fagan o traxecto dende O Freixo, pasando polas seguintes paradas: O Rial, A Lagoa, Vilaxoán Farmacia, Sobradelo, Procoarsa, Doctor Tourón/Matosinhos, Rodrigo de Mendoza/Fexdega, Ás Carolinas, Ambulatorio/IES Castro Alobre/Concello de Vilagarcía, O Ramal/Praia/Estación, Rivero de Aguilar, O Cavadelo, Porto de Vilagarcía, Canelas, Vilaxoan Porto/Praia do Preguntoiro, O Freixo.

? Unha liña que faga continuamente o traxecto Bamio, Carril e Vilagarcía

? todo isto apoiado en billetes integrados que permitan facer trasbordos e chegar de calquer punto do municipio a calquer outro pagando una sola vez, aínda non disponiéndose das tarxetas VaiBus.

Voceiro do Grupo Municipal Ciudadanos:

David Oliveira Barreiro

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Ciudadanos informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Marea da Vila, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos sobre estudo para a mellora do transporte público urbano.

Tralo debate da moción, polo Sr. Alcalde, a proposta do voceiro do grupo municipal de Ciudadanos se retira a moción para estudo e aportación dos grupos políticos municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=20>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

21.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=21>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

22.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=22>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

23.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=23>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

24.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas que asisten como público á sesión non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190926&punto=24>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 21:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.